



II Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico

A *II Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico*, organizada polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela e o Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro, terá lugar o **9 de outubro de 2023 na Facultade de Filoloxía da USC**. Esta segunda edición céntrase no estudo da variación e do cambio lingüístico en espazos urbanos. O propósito fundamental é incentivar o interese pola investigación lingüística, desde distintas perspectivas e con diferentes obxectivos, nas cidades e nos núcleos de concentración de poboación. As propostas poden abordar tanto a variación interlingüística coma intralingüística.

Nestes momentos e a **ata o 15 de xuño** encóntrase aberto o proceso para a **submisión de propostas** de comunicacións orais. As persoas interesadas deberán encher o [formulario](#) dispoñible na [páxina web](#) e remitilo a marta.negro@usc.gal. As propostas de participación, escritas en calquera lingua románica, deberán concordar co tema do encontro e serán seleccionadas por un proceso de pares cegos. O prazo para coñecer a **aceptación ou o rexeitamento** da proposta remata o **15 de xullo**.

O **período de inscrición** estará aberto entre o **1 e o 30 de setembro** e as persoas que desexen asistir á xornada deberán cubrir o formulario que se encontra na páxina web. A inscrición é de balde e certificaráselles a participación ás persoas que asistan ao 85% das sesións.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela)

Centro de Línguas, Literaturas e Culturas (Universidade de Aveiro)